

**CPI PADRENDA CRESPOS**

**PROGRAMACIÓN  
DIDÁCTICA**  

---

**DEPARTAMENTO DE MÚSICA**

**CURSO 2016-2017**

## INDICE

1. Introducción.....	3
2. Contextualización.....	4
3. Competencias clave.....	4
4. Obxectivos da área de música eso.....	8
5. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable.....	9
6. Concreción metodolóxica.....	18
7. Materiais e recursos didácticos.....	19
8. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	20
9. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.....	25
10. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentas.....	25
11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	25
12. Medidas de atención á diversidade.....	26
13. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.....	26
14. Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.....	28
15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.....	28

## 1. Introducción.

A música, como ben cultural e como linguaxe e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento con gran valor na vida das persoas; ademais, favorece o seu desenvolvemento integral, intervén na súa formación emocional e intelectual, a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica, e contribúe ao afianzamento dunha postura aberta, reflexiva e crítica no alumnado.

Na actualidade, a música constitúe un dos principais referentes de identificación da mocidade. Co desenvolvemento tecnolóxico multiplicáronse as canles de acceso ás cada vez máis numerosas fontes de cultura musical, así como aos seus diversos xeitos de creación e interpretación, a través de vehículos que forman parte da súa vida cotiá, como internet, os dispositivos móbiles, os reprodutores de son e os videoxogos. Ademais, fomenta o desenvolvemento da percepción, a sensibilidade estética, a expresión creativa e a reflexión crítica.

A materia de Música contribúe ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso, a asunción de responsabilidades e o espírito emprendedor, innovador e crítico, que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa. A práctica musical mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, o control das emocións, a autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo. A música potencia o desenvolvemento de capacidades como a comunicación oral e escrita, o pensamento matemático ou o coñecemento tecnolóxico e científico, que axudan á adquisición das competencias, ademais de procurar un ensino integral e axudar na maduración do alumnado novo.

Transcendendo estes valores estéticos, propios da competencia de conciencia e expresións culturais, o alumnado aprenderá actitudes de cooperación e traballo en equipo ao formar parte de diversas agrupacións nas que cadaquén asumirá diferentes papeis para poder interpretar música en conxunto. Por outra parte, é interesante fomentar actitudes emprendedoras que acheguen o alumnado ás diferentes profesións no ámbito musical e non musical.

Esta materia fomenta as actividades colaborativas ao integrar os/as estudantes nun grupo, fomentando o intercambio de ideas, o respecto entre iguais, a integración, a creatividade, o coñecemento doutros contextos e o desenvolvemento da intelixencia emocional.

O estudo desta materia parte dos coñecementos previos adquiridos polo alumnado na educación primaria e do seu desenvolvemento evolutivo, afondando con elementos que, dado o seu nivel de abstracción, deben abordarse neste momento de desenvolvemento do alumnado.

Entre outros, é obxectivo desta materia dotar os alumnos e as alumnas dun vocabulario que permita a descrición de fenómenos musicais, unha comprensión da linguaxe musical como medio de expresión artística, unha sensibilidade cara á expresión musical e o entendemento da música como un fenómeno imbricado na historia e na sociedade. Tamén se lle outorga un papel

importante á análise das obras musicais, entendendo que se pode levar a cabo en distintos niveis de profundidade.

Os elementos do currículo básico organizáronse en catro bloques, moi relacionados entre si, que comparten múltiples elementos: "Interpretación e creación" integra a expresión instrumental, vocal e corporal coa improvisación e a composición musical, o que permitirá ao alumnado participar da música dunha forma activa; "Escoita" pretende crear a primeira actitude fundamental cara a esta arte e dotar o alumnado das ferramentas básicas para gozar dela a través da audición e a comprensión do feito musical; "Contextos musicais e culturais" relaciona a música coa cultura e a historia, dá a coñecer o valor do patrimonio musical español e galego, e ensina a identificar o estilo e as características distintivas da música que delimitan cada período histórico básico; e finalmente, "Música e tecnoloxías" pretende abranguer o coñecemento e a práctica da interacción entre música e novas tecnoloxías. Estes aspectos teñen especial importancia debido á proximidade que as tecnoloxías teñen na vida cotiá do alumnado, polo que se pretende xerar unha vinculación entre a linguaxe tecnolóxica que utiliza habitualmente e a música dentro da aula.

Xa como remate, vese necesario resaltar a importancia do uso dunha metodoloxía adecuada a este enfoque curricular, que posibilite que o alumnado sexa protagonista da súa propia aprendizaxe, traballando de xeito colaborativo, onde a práctica e a vivencia do feito musical sexa real e relevante para o alumnado, para a comunidade educativa e para o contorno social.

## **2. Contextualización.**

No curso académico 2016-2017 o departamento de música do CPI Padrenda-Crespos está formado por unha soa persoa, o profesor Roberto de Andrés Iglesias, que completa o seu horario de música coa docencia no departamento de francés tamén unipersoal.

Neste curso a materia de música impártese en 2º, 3º da ESO.

**2º ESO:** 19 alumnos

**3º ESO:** 15 alumnos

## **3. Competencias clave.**

As competencias clave son as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

## 3.1 Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

## 2º ESO

Estándar de aprendizaxe	Competencia clave
<b>Bloque 1. Interpretación e creación</b>	
MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.	CCEC CCL
MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.	CMCCT CCEC
MUB1.1.3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias.	CMCCT CCEC
MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).	CCEC
MUB1.3.1. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.	CAA CCEC
MUB1.3.2. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías.	CAA CCEC
MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.	CAA CCEC
MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.	CCEC
MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.	CCEC
MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.	CCEC
MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.	CAA CCEC
MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.	CAA CCEC
MUB1.5.2. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	CSIEE
MUB1.6.1. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.	CCEC
MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.	CCEC
MUB1.6.3. Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras.	CSC
MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/a director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.	CSC
MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.	CSIEE
Bloque 2. Escoita	

MUB2.1.1. Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces.	CCEC
MUB2.1.2. Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais.	CCEC
MUB2.2.1. Sigue partituras como apoio á audición.	CCEC
MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.	CSC
MUB2.4.1. Describe os elementos das obras musicais propostas.	CCL CCEC
MUB2.4.2. Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical.	CCEC
MUB2.4.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade.	CCL
MUB2.5.1. Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música.	CSC
MUB2.5.2. Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica.	CSIEE CD
<b>Bloque 3. Contextos musicais e culturais</b>	
MUB3.1.1. Recoñece, crea e interpreta distintas manifestacións da danza.	CCEC
MUB3.1.2. Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade.	CCEC
MUB3.2.1. Aмосa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva.	CCEC
MUB3.3.1. Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego	CCEC
MUB3.3.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.	CCEC
MUB3.3.3. Coñece e describe os instrumentos tradicionais españois e galegos.	CCEC
MUB3.3.4. Contribúe á conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida, na gravación e na transcripción de pezas.	CCEC CSIEE
MUB3.4.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais	CCL
MUB3.4.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.	CCL
MUB3.5.1. Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións.	CD
MUB3.5.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.	CAA
<b>Bloque 4. Música e tecnoloxías</b>	
MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.	CD
MUB4.1.2. Participa na produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.	CD CSIEE
MUB4.2.1. Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.	CD

### 3º ESO

Estándar de aprendizaxe	Competencia clave
<b>Bloque 1. Interpretación e creación</b>	

MUB1.1.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).	CCEC
MUB1.2.1. Recoñece, comprende e analiza tipos de textura.	CCEC CAA
MUB1.3.1. Comprende e identifica os conceptos e os termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e os tipos formais.	CCEC
MUB1.4.1. Aмосa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.	CAA CCEC
MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.	CCEC
MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.	CCEC
MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.	CCEC
MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.	CCEC CAA
MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.	CAA CCEC
MUB1.5.2. Aмосa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	CSIEE
MUB1.6.1. Practica, crea, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos, épocas históricas e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.	CCEC CSIEE
MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.	CCEC
MUB1.6.3. Aмосa apertura e respecto cara ás propostas do profesor/a e dos compañeiros/as.	CSC
MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/a director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.	CSC CSIEE
MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.	CSIEE CAA
MUB1.7.1. Aмосa interese polas paisaxes sonoras que nos rodean e reflexiona sobre elas.	CCEC
MUB1.7.2. Investiga de forma creativa acerca das posibilidades sonoras e musicais dos obxectos sonoros.	CD CAA
Bloque 2. Escoita	
MUB2.1.3. Explora e descubre as posibilidades da voz e os instrumentos, e a súa evolución ao longo da historia da música.	CCEC CAA
MUB2.2.1. Le e analiza partituras como apoio á audición.	CCEC
MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.	CSC
MUB2.4.1. Aмосa interese por coñecer músicas doutras épocas e culturas, comparando e contrastando as novas músicas coñecidas.	CAA
MUB2.4.2. Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas.	CCEC CSC
MUB2.5.1. Describe de xeito pormenorizado os diferentes elementos das obras	CCEC

musicais propostas usando distintas linguaxes.	
MUB2.5.2. Utiliza recursos con autonomía como apoio ao análise musical.	CAA
MUB2.5.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.	CCL
Bloque 3. Contextos musicais e culturais	
MUB3.1.1. Expresa contidos musicais e relacións con épocas da historia da música e con outras disciplinas.	CCEC CCL
MUB3.1.2. Recoñece e interpreta manifestacións da danza identificando e explicando con linguaxe técnica adecuada a época histórica á que pertencen.	CCEC
MUB3.1.3. Distingue e explica as diversas funcións que cumpre a música na sociedade ao longo da historia.	CCEC CCL
MUB3.2.1. Aмосa interese por coñecer música de diferentes épocas e culturas como fonte de enriquecemento cultural e satisfacción persoal, elaborando algún proxecto de investigación e exposición	CCEC CAA
MUB3.3.1. Relaciona as cuestións técnicas aprendidas vinculándoas ás épocas da historia da música correspondentes.	CCEC CAA
MUB3.4.1. Distingue e sitúa temporalmente ás épocas da historia da música e as tendencias musicais.	CCEC CSC
MUB3.4.2. Examina e explica con criterio musical a relación entre os acontecementos históricos, o desenvolvemento tecnolóxico e a música na sociedade.	CCEC CCL
MUB3.5.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais.	CCL
MUB3.5.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.	CCL
MUB3.6.1. Utiliza diversas fontes de información para indagar sobre as novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións.	CD
MUB3.6.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.	CAA
Bloque 4. Música e tecnoloxías	
MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.	CD CCEC
MUB4.1.2. Participa en todos os aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.	CSC CSIIE
MUB4.2.1. Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.	CD CAA

#### 4. OBXECTIVOS DA ÁREA DE MÚSICA ESO.

1. Interpretar de forma grupal cancións ou coreografías a través da decodificación de partituras ou grafías non convencionais.
2. Contribuír ao desenvolvemento musical da comunidade educativa, participando en actuacións, ensaios e outros medios de difusión da música.
3. Desenvolver a capacidade compositiva a través de diferentes técnicas e recursos.
4. Coñecer as distintas profesións que rodean a creación, a edición e a difusión musical.
5. Utilizar a audición e a análise de partituras, textos ou musicogramas como medios para a análise e a descrición dos distintos xéneros musicais.



6. Xerar un criterio crítico á hora de comprender e analizar os distintos xéneros musicais.
7. Manexar a linguaxe técnica apropiada na análise de obras e situacións musicais.
8. Clasificar as obras musicais segundo o seu tempo, época ou cultura, estilo e autor, mostrando respecto polos distintos xéneros e ampliando as súas preferencias.
9. Dirimir a función da música en cada contexto.
10. Coñecer e respectar o patrimonio musical español e contribuír á súa conservación e transmisión.
11. Valorar as distintas manifestacións musicais como fonte de enriquecemento musical.
12. Extrapolar o coñecemento da música para expresarse a través doutras manifestacións artísticas.
13. Descubrir a singularidade da música e as tendencias actuais.
14. Recoñecer o papel das tecnoloxías na transmisión, a modernización e a formación musical.
15. Utilizar distintas técnicas de rexistro e gravación musical como medio para evidenciar os avances musicais.
16. Recoñecer a importancia da música nos medios de comunicación.
17. Optimizar o uso de ferramentas tecnolóxicas aplicadas á música.

## 5. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable.

### 2º ESO

Temporalización	Estándar de aprendizaxe avaliable	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
1ª Avaliación	<p><b>Bloque 1. Interpretación e creación</b></p> <p>MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.</p> <p>MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.</p> <p>MUB1.1.3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias.</p> <p>MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación</p>	<p>Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada e aplicándoos a través da lectura ou a audición e a interpretación de pequenas obras ou fragmentos musicais.</p> <p>Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).</p> <p>Improvisar e interpretar estruturas musicais elementais construídas</p>	<p>Probas escritas, orais e de interpretación co instrumento</p> <p>Rúbricas</p>

	<p>das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).</p> <p>MUB1.3.1. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.</p> <p>MUB1.3.2. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías.</p>	sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.	
	<p><b>Bloque 2. Escoita</b></p> <p>MUB2.1.1. Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces.</p> <p>MUB2.1.2. Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais.</p> <p>MUB2.2.1. Sigue partituras como apoio á audición.</p>	<p>Identificar e describir os instrumentos e as voces, e as súas agrupacións.</p> <p>Seguir distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición.</p>	<p>Probas orais</p> <p>Rúbricas</p>
	<p><b>Bloque 3. Contextos musicais e culturais</b></p> <p>MUB3.1.1. Recoñece, crea e interpreta distintas manifestacións da danza.</p> <p>MUB3.1.2. Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade.</p> <p>MUB3.2.1. Amosa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva.</p>	<p>Realizar exercicios que reflectan a relación da música con outras disciplinas.</p> <p>Demostrar interese polas músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa.</p>	<p>Probas escritas e rúbricas</p>
	<p><b>Bloque 4. Música e tecnoloxías</b></p> <p>MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.</p>	<p>Utilizar recursos tecnolóxicos dispoñibles para gravar e reproducir música.</p>	<p>Interpretación co instrumento, traballos e rúbricas</p>
<b>2ª Avaliación</b>	<b>Bloque 1. Interpretación e creación</b>	Amosar interese polo	Probas escritas, orais e de interpretación co

	<p>MUB1.4.1. Aмосa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.</p> <p>MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.</p> <p>MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.</p> <p>MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.</p> <p>MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.</p> <p>MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.</p>	<p>desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.</p> <p>Amosar interese polas actividades de composición e improvisación, e respecto polas creacións dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</p>	<p>instrumento. Rúbricas</p>
	<p><b>Bloque 2. Escoita</b></p> <p>MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.</p> <p>MUB2.4.1. Describe os elementos das obras musicais propostas.</p> <p>MUB2.4.2. Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical.</p>	<p>Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións. Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal ou verbal), elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación, variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada.</p>	<p>Probas orais e escritas. Rúbricas</p>
	<p><b>Bloque 3. Contextos musicais e culturais</b></p> <p>MUB3.3.1. Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego</p> <p>MUB3.3.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.</p> <p>MUB3.3.3. Coñece e describe os instrumentos tradicionais españois e galegos.</p> <p>MUB3.3.4. Contribúe á</p>	<p>Apreciar a importancia do patrimonio cultural musical español e galego, e comprender o valor de conservalo e transmitilo.</p>	<p>Probas escritas, rúbricas, e interpretación co instrumento.</p>

	conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida, na gravación e na transcrición de pezas.		
	<p><b>Bloque 4. Música e tecnoloxías</b></p> <p>MUB4.1.2. Participa na produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.</p>	Utilizar recursos tecnolóxicos dispoñibles para gravar e reproducir música.	Interpretación co instrumento, traballos. Rúbricas
<b>3ª Avaliación</b>	<p><b>Bloque 1. Interpretación e creación</b></p> <p>MUB1.5.2. Aмосa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</p> <p>MUB1.6.1. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.</p> <p>MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.</p> <p>MUB1.6.3. Aмосa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras.</p> <p>MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.</p> <p>MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude</p>	<p>B1.5. Aмосar interese polas actividades de composición e improvisación, e respecto polas creacións dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</p> <p>B1.6. Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común.</p>	Probas escritas, orais e de interpretación co instrumento. Rúbricas

	aberta e respectuosa.		
	<p><b>Bloque 2. escoita</b></p> <p>MUB2.4.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade.</p> <p>MUB2.5.1. Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música.</p> <p>MUB2.5.2. Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica.</p>	<p>Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal ou verbal), elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación, variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada.</p> <p>Identificar situacións do ámbito cotián nas que se produce un uso indiscriminado do son, analizar as súas causas e propor solucións.</p>	<p>Probas orais e escritas. Rúbricas</p>
	<p><b>Bloque 3. Contextos musicais e culturais</b></p> <p>MUB3.4.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais</p> <p>MUB3.4.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.</p> <p>MUB3.5.1. Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións.</p> <p>MUB3.5.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.</p>	<p>Valorar a asimilación e o emprego dalgúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou "falar de música".</p> <p>Amosar interese e actitude crítica pola música actual, os musicais, os concertos en vivo e as novas propostas musicais, valorando os seus elementos creativos e innovadores.</p>	<p>Probas escritas, rúbricas, e interpretación co instrumento.</p>
	<p><b>Bloque 4. Música e tecnoloxías</b></p> <p>MUB4.2.1. Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.</p>	<p>Utilizar de xeito funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical.</p>	<p>Interpretación co instrumento, traballos. Rúbricas</p>

### 3º ESO

Temporalización	Estándar de aprendizaxe available	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de
-----------------	-----------------------------------	----------------------------	---------------------------------

			<b>avaliación</b>
<b>1ª Avaliación</b>	<p><b>Bloque 1. Interpretación e creación</b></p> <p>MUB1.1.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).</p> <p>MUB1.2.1. Recoñece, comprende e analiza tipos de textura.</p> <p>MUB1.3.1. Comprende e identifica os conceptos e os termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e os tipos formais.</p> <p>MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.</p> <p>MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.</p> <p>MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.</p>	<p>Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).</p> <p>Analizar e comprender o concepto de textura e recoñecer, a través da audición e a lectura de partituras, os tipos de textura.</p> <p>Coñecer os principios básicos dos procedementos compositivos e as formas de organización musical.</p> <p>Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo, e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.</p> <p>Amosar interese polas actividades de composición, e improvisación e amosar respecto polas creacións dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</p>	<p>Probas escritas, orais e de interpretación co instrumento. Rúbricas</p>
	<p><b>Bloque 2. Escoita</b></p> <p>MUB2.1.3. Explora e descubre as posibilidades da voz e os instrumentos, e a súa evolución ao longo da historia da música.</p> <p>MUB2.2.1. Le e analiza partituras como apoio á audición.</p> <p>MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.</p>	<p>Identificar e describir os instrumentos e voces e as súas agrupacións.</p> <p>Ler e analizar distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición.</p> <p>Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións.</p>	<p>Probas orais. Rúbricas</p>

	<p><b>Bloque 3. Contextos musicais e culturais</b></p> <p>MUB3.1.1. Expresa contidos musicais e relacións con épocas da historia da música e con outras disciplinas.</p> <p>MUB3.1.2. Recoñece e interpreta manifestacións da danza identificando e explicando con linguaxe técnica adecuada a época histórica á que pertencen.</p> <p>MUB3.1.3. Distingue e explica as diversas funcións que cumpre a música na sociedade ao longo da historia.</p> <p>MUB3.2.1. Aмосa interese por coñecer música de diferentes épocas e culturas como fonte de enriquecemento cultural e satisfacción persoal, elaborando algún proxecto de investigación e exposición</p>	<p>Realizar exercicios que reflectan a relación da música con outras disciplinas.</p> <p>Demostrar interese por coñecer músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa.</p>	<p>Probas escritas e rúbricas</p>
	<p><b>Bloque 4. Música e tecnoloxías</b></p> <p>MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.</p>	<p>Utilizar con autonomía os recursos tecnolóxicos dispoñibles, demostrando un coñecemento básico das técnicas e dos procedementos necesarios para gravar, reproducir, crear, interpretar música e realizar sinxelas producións audiovisuais.</p>	<p>Interpretación co instrumento, traballos. Rúbricas</p>
<p><b>2ª Avaliación</b></p>	<p><b>Bloque 1. Interpretación e creación</b></p> <p>MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.</p> <p>MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.</p> <p>MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.</p> <p>MUB1.5.2. Aмосa unha actitude de superación e</p>	<p>Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo, e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.</p> <p>Amosar interese polas actividades de composición, e improvisación e amosar respecto polas creacións dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</p> <p>Participar activamente e</p>	<p>Probas escritas, orais e de interpretación co instrumento. Rúbricas</p>

	<p>mellora das súas posibilidades e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</p> <p>MUB1.6.1. Practica, crea, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos, épocas históricas e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.</p> <p>MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.</p>	<p>con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común.</p>	
	<p><b>Bloque 2. escoita</b></p> <p>MUB2.4.1. Aмосa interese por coñecer músicas doutras épocas e culturas, comparando e contrastando as novas músicas coñecidas.</p> <p>MUB2.4.2. Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas.</p> <p>MUB2.5.1. Describe de xeito pormenorizado os diferentes elementos das obras musicais propostas usando distintas linguaxes.</p>	<p>Recoñecer auditivamente e determinar a época ou a cultura á que pertencen distintas obras musicais, interesándose por ampliar as súas preferencias.</p>	<p>Probas orais. Rúbricas</p>
	<p><b>Bloque 3. Contextos musicais e culturais</b></p> <p>MUB3.3.1. Relaciona as cuestións técnicas aprendidas vinculándoas ás épocas da historia da música correspondentes.</p> <p>MUB3.4.1. Distingue e sitúa temporalmente ás épocas da historia da música e as tendencias musicais.</p> <p>MUB3.4.2. Examina e explica con criterio musical a relación entre os acontecementos históricos, o desenvolvemento tecnolóxico e a música na sociedade.</p> <p>MUB3.5.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais.</p>	<p>Relacionar as cuestións técnicas aprendidas coas características das épocas da historia musical.</p> <p>Distinguir, situar e caracterizar as grandes épocas da historia da música.</p> <p>Valorar a asimilación e empregar algúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou falar de música.</p>	<p>Probas escritas e rúbricas</p>



	<p><b>Bloque 4. Música e tecnoloxías</b></p> <p>MUB4.2.1. Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.</p>	<p>Utilizar de maneira funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical.</p>	<p>Interpretación co instrumento, traballos. Rúbricas</p>
3ª Avaliación	<p><b>Bloque 1. Interpretación e creación</b></p> <p>MUB1.6.3. Aмосa apertura e respecto cara ás propostas do profesor/a e dos compañeiros/as.</p> <p>MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.</p> <p>MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.</p> <p>MUB1.7.1. Aмосa interese polas paisaxes sonoras que nos rodean e reflexiona sobre elas.</p> <p>MUB1.7.2. Investiga de forma creativa acerca das posibilidades sonoras e musicais dos obxectos sonoros.</p>	<p>Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuindo ao perfeccionamento da tarefa en común.</p> <p>Explorar as posibilidades de distintas fontes e obxectos sonoros.</p>	<p>Probas escritas, orais e de interpretación co instrumento. Rúbricas</p>
	<p><b>Bloque 2. escoita</b></p> <p>MUB2.5.2. Utiliza recursos con autonomía como apoio ao análise musical.</p> <p>MUB2.5.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.</p>	<p>Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal ou verbal), algúns elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación e variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada.</p>	<p>Probas orais. Rúbricas</p>
	<p><b>Bloque 3. Contextos musicais e culturais</b></p> <p>MUB3.5.2. Comunica coñecementos, xuízos e</p>	<p>Valorar a asimilación e empregar algúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou falar de</p>	<p>Probas escritas e rúbricas. Rúbricas</p>

	<p>opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.</p> <p>MUB3.6.1. Utiliza diversas fontes de información para indagar sobre as novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións.</p> <p>MUB3.6.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.</p>	<p>música.</p> <p>Amosar interese e actitude crítica pola música, os concertos en vivo e as propostas musicais, valorando os seus elementos creativos e innovadores ao longo da historia.</p>	
	<p><b>Bloque 4. Música e tecnoloxías</b></p> <p>MUB4.2.1. Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.</p>	<p>Utilizar de maneira funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical.</p>	<p>Interpretación co instrumento, traballos. Rúbricas.</p>

## 6. Concreción metodolóxica.

Os principios básicos para a consecución de aprendizaxes significativas resúmense en:

- \_ Partir do nivel de coñecementos previos do alumno. O único xeito de conecta-las novas aprendizaxes coas xa existentes é partir destas últimas. Para isto realizaremos un tipo de avaliación, denominada “avaliación inicial” ou “avaliación dos coñecementos previos”.
- \_ Precísanse determinados factores para a consecución de aprendizaxes significativas. Estes son: predisposición do alumno a aprender, ter algún coñecemento previo sobre o tema en cuestión (en caso contrario terá que o xera-lo docente) e que o material para aprender sexa potencialmente significativo, é dicir, motivante. A motivación é un requisito sine qua non para a consecución de aprendizaxes significativas.
- \_ Conseguir que os alumnos teñan autonomía para a consecución das aprendizaxes significativas. A finalidade última de calquera aprendizaxe é conseguir que o alumnado chegue a ser un axente autónomo.
- \_ Fomenta-la transferencia entre contidos: a fragmentación do coñecemento pode dificulta-la súa comprensión. Dende a materia relacionaranse ó longo de todo o curso os contidos musicais cos históricos, literarios, artísticos e científicos. Ademais tamén se relacionará a materia con outras afíns como Historia, Literatura, etc.

## Estilo de ensinanza

O tipo de ensinanza a cuxo desenvolvemento quere contribuír esta programación aséntase sobre os seguintes aspectos:

\_ **Desenvolvemento integral do alumno:** as actividades de ensinanza-aprendizaxe no están orientadas unicamente á adquisición de coñecementos enciclopédicos, senón tamén ó desenvolvemento da educación en valores, elemento fundamental do proceso educativo.

\_ **Educación no respecto e na cooperación:** a interacción entre alumnos inflúe no proceso de socialización. Neste senso, nesta programación deseñáronse experiencias de ensinanza aprendizaxe orientadas a crear e manter un clima de aceptación mutua e de cooperación, favorecendo a organización de equipos de traballo e a distribución de tarefas e responsabilidades mutuas.

\_ **Aprender a aprender:** os alumnos deben adquirir, ademais de contidos conceptuais, as destrezas instrumentais e os hábitos intelectuais necesarios para desenvolverse con eficacia na sociedade.

Serán de vital importancia ferramentas de traballo como a comprensión lectora, a expresión oral descrita, e a procura e selección da información.

\_ **Cultura do esforzo e da superación persoal:** os obxectivos que acade o alumno deben contrastar coa situación inicial da que partía, premiando os casos nos que o esforzo supuxera un gran avance.

\_ **Espírito crítico e emprendedor:** o coñecemento levará ós alumnos a plantexar criticamente os distintos aspectos da realidade que os rodea para ser persoas autónomas non susceptibles de ser manipuladas.

## 7. Materiais e recursos didácticos.

Os recursos constitúen un medio de traballo e están seleccionados en función dos obxectivos da programación. Son variados, flexibles, xustificados e innovadores e só deben utilizarse aqueles que obedezan a algún propósito educativo concreto. Podemos agrupar os recursos que se utilizan no ensino musical en varias categorías:

\_ **Espazos, mobiliario e instrumentos:** o aula conta co adecuado tratamento acústico, que consiste no illamento e no acondicionamento interno. Ademais dispón de instrumental Orff e outros instrumentos (piano e guitarra).

\_ Hai tamén un encerado con e sen pentagramas ademais da mesa maila cadeira do profesor e cadeiras con mesas para os rapaces.

\_ **Materiais convencionais:** o emprego de impresos, fotocopias, libros e libros de texto, papeis, cadernos, material de escritura, etc.

\_ **Materiais audiovisuais:** a aula de música dispón ademais dunha variada discografía de distintos estilos e algúns carteis que reflicten instrumentos, compositores e etapas da historia da música. Ten tamén unha cadea musical e un ordenador portátil con conexión a Internet e a un canón así como pantalla para a súa proxección.

## 8. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

Parte práctica: 40%. Rúbrica improvisación, rúbrica interpretación e rúbrica de traballos escritos.

\_ Parte teórica: 40%. Exame de contidos teóricos e rúbrica audicións. En caso de que a alumna ou alumno sexa sorprendida-o copiando nunha proba escrita, o exame será retirado e puntuado cun 0.

\_ Comportamento: 20%. Reservado para a boa conduta dos nenos, o respecto cara ós seus compañeiros e profesor así como ao traballo e material da clase.

A nota da avaliación ordinaria de xuño será a media aritmética das tres avaliacións trimestrais

### RÚBRICA PARA A ESCOITA ACTIVA EN AUDICIÓNS.

	4	3	2	1
ACTITUDE DE ESCOITA	Escoita en silencio fixándose nos detalles e gozando da música.	Escoita en silencio gozando da música aínda que pasa por alto os detalles da audición.	Escoita en silencio pero non se fixa nos detalles nin se observa gozar.	Non mantén o silencio durante a escoita, pasando por alto os detalles e sen gozar da audición.
RECOÑECEMEN TO MUSICAL	Recoñece a obra escoitada e o seu autor, discernindo as características das súas composicións.	Recoñece a obra escoitada aínda que non a sitúa co seu autor.	Sóalle a obra pero non é capaz de recoñecela nin a situar.	Non recoñece a obra nin o autor da audición.
CONTEXTO MUSICAL	Recoñece e identifica as características do estilo musical da obra escoitada e sitúaa no seu contexto.	Recoñece o estilo musical sen identificar as súas peculiaridades pero élle dabondo para situala no seu contexto.	Recoñece o estilo musical aínda que non identifica as súas singularidades nin o seu contexto.	Non recoñece o estilo nin o contexto musical da obra da audición.
CONEXIÓN CON COÑECEMENTO S	Achega ideas que fan ver a conexión da audición cos contidos traballados.	Achega ideas inconexas pero que esbozan que interiorizou os contidos.	Ten dificultades para conectar as ideas coa audición.	É incapaz de ver a conexión entre o escoitado e os contidos traballados.
EXTENSIÓN PERSOAL	Valora criticamente o escoitado achegando a súa opinión persoal.	Valora criticamente o escoitado pero non se pronuncia persoalmente sobre iso.	Cústalle expresar argumentos críticos sobre a audición e opinar sobre ela.	Non ten interese por achegar ideas críticas sobre a audición nin se manifestar persoalmente.

<b>VALORACIÓN PERSOAL</b>	Valora as distintas músicas estudadas e incorpóraas á súa cultura musical.	Valora as distintas músicas traballadas aínda que non lles ve aplicación persoal.	Só valora aquelas músicas que lle interesan.	Non valora ningún tipo de música como fonte de riqueza.
-------------------------------	--	---	--	---

### RÚBRICA DE AVALIACIÓN PARA A IMPROVISACIÓN E A CREATIVIDADE MUSICAL.

	4	3	2	1
<b>ORIXINALIDADE</b>	Inclúe elementos novidosos nas súas interpretacións, creando sons agradables ao oído en consonancia coa harmonía.	Inclúe elementos novidosos nas súas interpretacións que resultan agradables ao oído pero non concordan coa harmonía.	Inclúe elementos novidosos nas súas interpretacións aínda que non resultan agradables ao oído nin concordan coa harmonía.	Non inclúe elementos novidosos nas súas interpretacións.
<b>ELEMENTO SORPRESIVO</b>	Sorprende con creacións propias xerando interese e expectación cara á escoita.	Sorprende con creacións propias xerando interese só no momento sorpresivo.	Sorprende con creacións propias aínda que non chega a xerar interese nin expectación.	Non inclúe elementos sorpresivos nas súas interpretacións.
<b>VARIACIÓNS MUSICAIS</b>	Varía a liña melódica buscando novos sons e facendo xiros melódicos que a fan parecer unha nova melodía.	Varía a liña melódica buscando novos sons a través de xiros melódicos que volven á melodía inicial.	Modifica a liña melódica nalgúns pequenos xiros que lle dan un sentido ornamental ao discurso melódico.	Non modifica a liña melódica, é fiel na interpretación da partitura base.
<b>LIBERDADE RÍTMICA</b>	Improvisa ritmos nos acompañamentos introducindo ritmos asincopados e/ou acentos con carácter interpretativo.	Improvisa ritmos nos acompañamentos introducindo elementos rítmicos sinxelos que enriquecen a métrica da melodía.	Improvisa ritmos nos acompañamentos aínda que os aspectos que introduce non se axustan á métrica da melodía.	Non improvisa ritmos nos acompañamentos, seguindo, sen variar, o padrón rítmico ou ostinato marcado.

<p><b>CAPACIDADE DE DESFROUTE</b></p>	<p>Ten gusto por escribir ou interpretar a súa propia música e gústalle compartila cos demais.</p>	<p>Ten gusto por escribir e interpretar a súa propia música aínda que non lle gusta compartila cos demais.</p>	<p>Ten gusto por escribir a súa propia música, pero dálle vergoña interpretala e compartila cos demais.</p>	<p>Non lle gusta crear nin interpretar a súa propia música.</p>
---	--	--	---	---

**RÚBRICA DE AVALIACIÓN PARA O OBRADOIRO DE INTERPRETACIÓN.**

	4	3	2	1
<b>Análise da partitura</b>	Le a partitura e descifra todos os seus códigos antes de interpretala.	Le a partitura e descifra todos os códigos durante a interpretación, o que o leva a erros de falta de previsión.	Le a partitura pero non é capaz de descifrar todos os códigos antes da interpretación.	Non le a partitura porque non é capaz de descifrar todos os códigos musicais presentes.
<b>Entoación / fraseo</b>	Expresa a liña melódica seguindo as indicacións da partitura e/ou do director e achegando a súa propia personalidade ao discurso.	Expresa a liña melódica de forma libre sen ter en conta as indicacións da partitura ou do director.	Expresa a liña melódica sen variacións expresivas, de forma lineal e sen elaborar o discurso musical.	Non expresa a liña melódica, entrecórtaa facendo complicada a comprensión do discurso musical.
<b>Acompañamento rítmico</b>	Axústase ao ritmo métrico da canción sen perder o tempo.	Axústase ao ritmo métrico da canción aínda que ás veces se adianta ou se atrasa no tempo.	Axústase ao ritmo métrico da canción pero non respecta o tempo desta.	Non se axusta ao ritmo métrico nin respecta o tempo da canción.
<b>Acompañamento melódico</b>	Realiza as harmonías propostas correctamente con intensidade moderada, deixando sobresaír o discurso da melodía.	Realiza as harmonías propostas correctamente aínda que non ten en conta os matices de intensidade para deixar sobresaír a melodía.	Realiza as harmonías con erros na execución, o que fai que as disonancias distorsionen o discurso melódico.	Non realiza correctamente as harmonías, sendo incapaz de interpretar o acompañamento melódico.

## RÚBRICA DE TRABALLOS ESCRITOS

OBXECTIVO	PUNTOS	EXCELENTE; 4	ALTO; 3	BAIXO; 2	ESCASO; 1
CONTIDO	1	O tema obxecto do traballo trátase de forma creativa, sorprendente, amena, única.	O tema trátase con certa orixinalidade e de forma amena.	O tema desenvolveuse (ou parece) a partir dun traballo xa existente.	O traballo non é/parece orixinal nin de autoría propia.
	2	Cobre o tema obxecto do traballo con profundidade.	Cobre o tema obxecto do traballo de forma adecuada.	Apenas inclúe a información esencial do tema.	A información sobre o tema é escasa.
	3	O texto mostra que o coñecemento do tema é excelente.	O texto mostra que o coñecemento do tema parece ser bo.	O texto mostra certos erros na asimilación do contido.	O texto mostra erros ou carencias na asimilación do contido.
	4	Empréganse de forma profusa imaxes e/ou infografías que complementan e axudan á comprensión do tema.	Empréganse varias imaxes e/ou infografías que complementan e axudan á comprensión do tema.	Apenas se empregan imaxes e/ou infografías, ou non achegan nin axudan á comprensión do tema obxecto do traballo.	Non se empregan imaxes nin infografías no traballo.
	5	O texto garda unidade temática e coidouse a súa claridade, respectando a estrutura gramatical.	O texto garda unidade temática e coidouse a súa claridade, pero non se respectou a estrutura gramatical.	O texto garda unidade temática, pero non se coidou a súa claridade nin se respectou a estrutura gramatical.	O texto non garda unidade temática e non se coidou a súa claridade; é unha unión de distintos textos.
	6	Non hai erros ortográficos nin gramaticais en todo o traballo.	O traballo ten entre 1 e 5 erros ortográficos ou gramaticais.	O traballo ten entre 6 e 10 erros ortográficos ou gramaticais.	O traballo ten 6 ou máis erros ortográficos ou gramaticais.
ORGANIZACIÓN	7	A portada enganxa e introduce o tema obxecto do traballo e os autores, e é seguida por un índice.	A portada é seguida por un índice do traballo.	A portada é orixinal e introduce o tema obxecto do traballo e os autores, pero carece de índice.	A portada non é orixinal ou non introduce o tema obxecto do traballo ou os autores, e carece de índice.
	8	O contido do traballo está ben estruturado: unha idea segue a outra nunha secuencia lóxica, con transicións e uso de títulos claros, mantendo o formato. É doado de ler.	O traballo está bastante organizado; aínda que algunha idea parece fóra de lugar, as transicións entre o resto son lóxicas e a orde empregada é clara. Ademais, mantense o formato, facilitando a súa lectura.	O traballo é un pouco difícil de seguir: algunhas ideas parecen fóra de lugar, ou empregáronse mal as transicións entre elas, a orde e/ou o formato.	As ideas dentro do traballo parecen estar ordenadas ao azar, con algunhas totalmente fóra de lugar. Ademais, non se mantén o formato, custa lelo.
	9	O final do traballo é orixinal, e inclúe unha reflexión profunda e conclusións.	O final do traballo inclúe unha reflexión e conclusións.	O final do traballo inclúe conclusións, pero sen apenas reflexión, e/ou parecen copiadas.	O final do traballo non inclúe reflexión nin conclusións, ou aparecen pero están copiadas doutra fonte.
	10	A extensión do traballo cínquese ao solicitado polo profesor ou a profesora, sen que sobre nin falte nada.	A extensión é lixeiramente superior ou inferior á solicitada, sendo todo relevante.	A extensión cínquese ao solicitado, pero a custa de eliminar partes importantes ou engadir contido sen lóxica.	A extensión é notablemente superior ou inferior á solicitada.



### 9. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
1. Realiza a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.		
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.		
3. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela.		
4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.		
5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e as alumnas, e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.		
6. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.		
7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.		
8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron acadados suficientemente.		
9. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.		
10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.		
11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados os estudantes e os pais.		

### 10. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

Neste curso 2016/2017 non hai alumnado de música con pendentes de este departamento.

### 11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

A principio do curso faise unha avaliación diagnóstica para comprobar o grado de consolidación da aprendizaxe despois dos meses de vacacións.

Os contidos teóricos son distintos para cada nivel, salvo o linguaxe musical que debe aprenderse tomando como base os coñecementos do curso anterior.

Realizamos distintas prácticas musicais como actividades de clase. Con elas pódese observar para cada alumno o nivel en linguaxe musical e destreza instrumental.

Tense en conta as dificultades individuais así como as de grupo para centrarse nelas ao principio de curso.

Na sesión de avaliación inicial contrastase se o alumno ten tamén problemas noutras materias, e decídese cal debe ser a actuación para os próximos meses.

## **12. Medidas de atención á diversidade.**

O principio de continuidade na avaliación permite prestar unha atención ás diferencias que os alumnos van mostrando nas actividades que aplican e concretan os conceptos, procedementos e actitudes seleccionados. lo fai posible organizar actividades de apoio, para os alumnos que mostren algunha dificultade, e actividades de desenvolvemento, para quen mostre un maior interese e capacidade.

Con obxecto de establecer unhas medidas que se axusten á realidade dos nosos alumnos e alumnas, acordamos realizar unha valoración das súas características segundo os seguintes parámetros

### **\_ Qué valorar:**

- Rendemento do alumno na etapa anterior.
- Personalidade
- Aficións e intereses.
- Situación económica e cultural da familia, etc.

### **\_ Cómo obter a información:**

- Informes de titores anteriores.
- Cuestionario previo ós alumnos.
- Entrevista individual.
- Cuestionario ós pais.
- Entrevista con pais.

De este modo, prevense distintas vías de resposta ante o amplo abano de capacidades, estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses dos alumnos y alumnas.

Podemos distinguir diferentes formas de abordar a atención á diversidade:

- Materiais optativos.
- Adaptacións curriculares non significativas.
- Adaptacións curriculares significativas.

## **13. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.**

Ademais de coidar escrupulosamente o emprego do linguaxe e de revisar coidadosamente os textos e ilustracións para que non conteñan elemento algún que poida atentar contra a igualdade, a

tolerancia ou calquera dos dereitos humanos, formulamos directamente aqueles temas transversais ós que os contidos desenvolvidos se prestan especialmente.

#### **\_ Educación para a saúde e educación sexual.**

A actividade vocal, instrumental e motriz axuda de forma natural a mellorar funcións orgánicas como a respiración, o control e o dominio corporal. Os exercicios psicomotores, así como todo o relacionado co ritmo, desenvolvan as funcións xerais de control neurolóxico e favorecen a harmonización e sincronización motora.

A música axuda a entender as diferencias na formación e desenvolvemento das voces masculina e feminina durante a puberdade e permite a consideración de diversos prantexamentos relacionados ca saúde vogal.

#### **\_ Educación para a igualdade de oportunidades.**

A práctica da música na aula proporciona unha excelente oportunidade ó pedagogo para favorecer o respecto mutuo entre os sexos apreciando ó mesmo tempo as súas diferencias. As coreografías, a danza, o canto, entroncándose no aspecto mutacional da idade, onde a imaxe diferenciadora persoal cara os demais comeza a tomar forma, convértense en elementos integradores e igualadores da convivencia e do traballo en equipo co soporte do mundo sonoro musical.

#### **\_ Educación do consumidor.**

Na vida diaria atopámonos co que mercar, como e cando. A educación musical pode servir para crear criterios de selección respecto ás adquisicións de gravacións, instrumentos e asistencia a espectáculos. Axudarase así ó alumno a tomar conciencia do feito comercial e a controlalo dende as propias opinións e gustos.

#### **\_ Educación ambiental.**

A forte invasión sonora que produce o noso entorno fai necesaria unha toma de conciencia da mesma que evite as repercusións negativas do abuso sonoro. O respecto ó espazo sonoro dos demais e o uso correcto das fontes de son proporcionan un ámbito de traballo moi necesario na aula.

#### **\_ Educación para a convivencia.**

A área de música permite plantexar un elevado número de contidos actitudinais baseados no respecto ós gustos musicais dos demais, ademais de darnos a oportunidade de presentar e respectar opinións de todo tipo en debates relacionados co feito musical e participar en actividades que nos permitan exercitar as normas de convivencia baseadas no respecto ós demais, o material da aula...

#### **\_ Educación para a paz.**

A música converteuse nun vínculo internacional entre as xeracións e países. A comprensión das culturas alleas a través da audición, a práctica musical e a danza, así como o análise das distintas funcións sociais da música en cada cultura proporciona os criterios necesarios para comprender

mellor ós demais e de ese modo a nós mesmos, abrindo así canles de comunicación que nos acerquen ós outros pobos.

#### **\_ Educación viaria.**

Os problemas de contaminación sonora e as distraccións que poden ter a súa orixe no emprego inadecuado da música mentres circulamos, xa sexa como peóns ou como condutores, o uso inadecuado de auriculares, etc., poden ser tratados en relación cos contidos da área.

#### **14. Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.**

Ó longo do curso estudarase as posibilidades de organizar algunha saída para a visualización de espectáculos musicais, principalmente no Auditorio de Ourense e no de Santiago de Compostela.

#### **15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.**

Utilizarase a seguinte ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta realizarase ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras no seguinte.

ASPECTOS PARA AVALIAR	PARA DESTACAR...	PARA MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe			

Atención á diversidade			
Interdisciplinariade			